



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 11 DE MARZO DE 2022

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 20 de decembro de 2021.
2. Aprobar as contías a asignar ás áreas xurídicas no orzamento da Facultade.
3. A seguinte asignación do orzamento correspondente ás axudas do Consello Social para o desenvolvemento de prácticas do alumnado durante o ano 2022:
 - A) Cubrir, ata onde sexa posible, os gastos de desprazamento do alumnado que realice as prácticas fóra do Concello de Ourense e os gastos de desprazamento e estancia do alumnado que acuda a unha visita de estudos prácticos durante unha semana na Audiencia Nacional.
 - B) Limitar o gasto dos talleres que se realicen a un máximo 500€ por taller, incluíndo o desprazamento, estancia e relatorio, sendo 350€ o importe máximo por conferencia.
 - C) Reservar o orzamento restante para algunha das outras actividades ata esgotar o importe total da axuda (foros de emprego e saídas profesionais e o Congreso Internacional da Auga).
4. Incluír dentro da programación de Extensión universitaria do centro a actividade: Curso de Actualización Xurídica: “Claves de la reforma laboral de 2021” e “Sobre la mediación, justicia restaurativa y otras justicias” e reservar do orzamento correspondente a cantidade de 800€.
5. Aprobar a memoria económica do orzamento da Facultade do exercicio 2021.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 11 de marzo de 2022, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios o día 15 de marzo de 2022.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es